

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE RIBADEO PARA O ACONDICIONAMENTO E URBANIZACIÓN DA AVENIDA DE AMÉRICA

Ribadeo, 5 de maio de 2026

### REUNIDOS

Dunha parte, María Martínez Allegue, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Daniel Vega Pérez, na súa condición de alcalde do Concello de Ribadeo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** O Concello de Ribadeo xa realizou as expropiacións necesarias para a construción dun novo centro de saúde. No entorno da parcela onde está proxectada a súa construción é necesario realizar accesos así como dotalo de servizos municipais de abastecemento e saneamento.

**Segundo.** O acceso ao novo centro de saúde realizarase dende a avenida de América onde é necesario construír unha rotonda para permitir o acceso nos dous sentidos da circulación, de entrada e saída de Ribadeo.

**Terceiro.** A Avenida de América constitúe o enlace de entrada e saída á autovía A8 polo que soporta un tráfico intenso ao tempo que desconxestionan o centro urbano. Razóns polas que o seu pavimento atópase bastante deteriorado e parcheado.



**Cuarto.** A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos, a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intre municipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

**Quinto.** O Concello e Ribadeo remitiu o proxecto no que estima o importe das obras en 352.000,00 €. O concello comprométese a facerse cargo do investimento necesario que supere o importe da subvención nominativa recollida na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

**Sexto.** A Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ribadeo tratan de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía. A actuación se proxecta nunha das principais rúas municipais que é o enlace natural coa autovía A8. A construción da rotonda para dar acceso ao novo centro de saúde, a ampliación e creación de novas beirarrúas, a substitución das luminarias e a renovación do pavimento farán o tráfico máis seguro e fluído nun entorno moi concorrido.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ribadeo que permitan o acondicionamento e urbanización da Avenida de América.



En concreto as actuacións a realizar serían as seguintes:

- Construción dunha nova rotonda que permita o acceso a novo centro de saúde nos dous sentidos.
- Construción de novas beirarrúas.
- Colocación de novas canalizacións de abastecemento de auga e de saneamento adaptadas ás demandas do centro de saúde.
- Substitución de luminarias por outras tipo LED.
- Reposición do pavimento.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase trescentos cincuenta e dous mil euros **(352.000,00 €) IVE incluído.**

## SEGUNDA. REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Ribadeo cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

## TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE RIBADEO

O Concello obrígase a:

- 1) Redactar o proxecto ou documento técnico necesario para realizar as obras de acondicionamento e urbanización da Avenida América.
- 2) Licitat e executar as obras obxecto deste convenio.
- 3) Asumir as obrigas económicas que excedan do importe da subvención nominativa consignada na cláusula cuarta incluíndo todas as obrigas económicas que non se correspondan coa anualidade de 2026.
- 4) Realizar as xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.
- 5) Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Tamén se compromete a



establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.

- 6) Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- 7) Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- 8) Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
- 9) O concello deberá dar publicidade da obra mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o co financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas– Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe "Xunta de Galicia", de acordo co seguinte deseño:



#### CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar ata un máximo de 300.000,00 € a execución das obras, con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 2026-00001, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas.



Esta achega ten o carácter de subvención nominativa por estar recollida expresamente na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 polo que se limita á dita anualidade.

#### QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

O Concello de Ribadeo xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- 1) Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- 2) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
  - O cumprimento da finalidade da subvención.
  - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acreedor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
  - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
  - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- 3) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- 4) Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- 5) Mostra fotográfica da publicidade da subvención e das obras realizadas, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Só serán subvencionables, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, os gastos de execución das obras realizados durante o ano 2026.

A data límite para a xustificación destes gastos é o 10 de decembro.

A Axencia Galega de Infraestruturas pagará o 100% das certificacións remitidas polo Concello de Ribadeo no ano 2026 relativas a execución das obras obxecto deste convenio, incluída a certificación final, no seu caso, ata chegar ao importe máximo da subvención outorgada.

O importe dos pagos realizados na anualidade de 2026 que exceda do importe máximo da subvención outorgada, as revisión de prezos no seu caso, así como a totalidade dos pagos realizados nas anualidades seguintes (en relación ás obras non rematadas no ano 2026) correrán de conta do Concello de Ribadeo

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Ribadeo, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

#### **SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.**

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Ribadeo.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.



As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO.**

Este convenio, de conformidade ca Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ten natureza administrativa. Réxese polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

#### **OITAVA.- COMPATIBILIDADE.**

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

#### **NOVENA- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.



En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

#### **DÉCIMA.- PUBLICIDADE.**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

#### **UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.**

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026 e financiará os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de nas condicións establecidas na cláusula quinta.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan este documento.

A presidenta da Axencia Galega de  
Infraestruturas

María Martínez Allegue

O alcalde do Concello de Ribadeo

Daniel Vega Pérez

